POPULARES

A Pobra do Caramiñal

CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL
REXISTRO ENTRADA
2017-E-RC-8289
21/12/2017 12:08

Manuel Mª Durán Guillán, José Manuel Castro García, Balbina Lojo Olveira, Jesús Dieste Buceta y María del Carmen Boo Cameán concelleir@s do Partido Popular da Pobra do Caramiñal;

EXPOÑEN:

- Que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réximen Local establece que "...Asemesmo, o Pleno celebrará sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou solicíteo a cuarta parte, al menos, do número legal dos membros da corporación ".
- Que o citado artigo 46.2 da LBRL determina que ningún concelleiro poderá solicitar a celebración de máis de tres sesións extraordinarias cada ano.
- Que os solicitantes da convocatoria de este Pleno extraordinario cumpren todos o requisitos establecidos na normativa legal.

SOLICITAN

A convocatoria dun Pleno Extraordinario nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos. Incluíndo na Orde do Día de dita sesión a seguinte MOCIÓN relativa á utilización das instalacións da antiga escola unitaria do Camiño Ancho.

A pasada semana, a raíz da denuncia presentada na Policía Local na que se pon de manifesto a posible utilización por alguén da antiga escola unitaria do Camiño Ancho, a Policía Local responde " Que o citado inmoble está sendo utilizado como vivenda por unha persoa a cal leva vivindo nas instalacións tres semanas aproximadamente, así mesmo manifestar que dita residencia está autorizada polo Concello ".

Ante esta sorprendente contestación, presentouse escrito no rexistro do Concello con número de entrada 207-E-RC-6128 con data 14 de Decembro do 2017, no que se pide copia da dita autorización á que fai referencia a contestación da Policía Local, certificación de que dito inmoble cumpre todos os requisitos legais de vivenda, así como calquera outro documento relacionado coa autorización outorgada.

En declaracións ós medios de comunicación, o Alcalde recoñece a veracidade destes feitos.

Por iso preguntamos:

- Cumpre dito inmoble os requisitos legais de vivenda?
- Cal é o regulamento que sigue o Alcalde e o Concellerio de asuntos sociais para dispor de esta vivenda para ditos usos?
- Cal foi o criterio ou baremo que se sigueu para permitirlle o uso do mencionado inmoble a dita persoa?
- Cales son os termos de cesión de uso de ese inmoble?
- Quen se fai cargo de todos os gastos que o seu uso ocasiona?

Ante a falla de resposta ó escrito presentado, e pasado un tempo prudencial, o Partido Popular insta ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo:

Recusar ó Alcalde e ó Concelleiro de Servizos Sociais, D. Miguel Alamancos Sobrido pola súa responsabilidade nos feitos acontecidos na cesión de uso do inmoble da antiga escola do camiño ancho de forma irregular, esixíndoo que asuman a conseguinte responsabilidade política.

POPULARES

A Pobra do Caramiñal

Manuel Mª. Durán Guillán

José M. Castro

3

Balbina Lojo Olveira

Jesús Dieste Buceta

María Boo Camean

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**